

**CONCELLO  
DE VIGO**



**ÁREA DE RECURSOS HUMANOS  
E FORMACIÓN**

ASUNTO: CESE DE PERSOAL EVENTUAL NA LEXISLATURA 2019-2023

**DECRETO**

Constituída a Corporación Municipal de Vigo para a lexislatura 2019-2023 o pasado día 15/06/2019, e en cumprimento das instrucións proporcionadas por esta Excm. Alcaldía, en acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2019 procedeuse á aprobación do número e réxime do persoal eventual, en cumprimento das instrucións proporcionadas pola Excm. Alcaldía e consonte á normativa vixente.

Vista a solicitude formulada pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal en data de sinatura electrónica, que obra incorporada ao presente expediente; e considerando o previsto nos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local -que contempla que o nomeamento e cese do persoal eventual é libre, correspondendo éste ao Alcalde ou Presidente/a da entidade local, establecéndose que o dito persoal cesará automaticamente cando expire o mandato da autoridade á cal presten as súas funcións de confianza e asesoramento especial-; artigo 176 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia;

Visto o preceptuado no artigo 12 do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que é persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente calificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin;

No uso das atribucións que o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, me outorga, pola presente **RESOLVO:**

“PRIMEIRO.- Cesar, con efectos económicos e administrativos do 9 de marzo do 2021, ao persoal eventual asignado á Alcaldía que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, concretado en:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2021 12:40	Páxina 1 de 2
	Expediente 34264/220	CSV: 2FE6D3-3632DA-ADB64A-KKTQ1U-PMSNGZ-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Auxiliar de Administración	Xornada completa	ANTONINO GARCÍA VILLAR
----------------------------	------------------	------------------------

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda a comunicar a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, Seguridade Social, Tesourería Municipal (Nóminas) e interesado para os efectos oportunos”.


Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

EFC/MDG

Vigo, sinatura dixital

O ALCALDE.- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M.ª Concepción Campos Acuña

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2021 12:40	Páxina 2 de 2
	Expediente 34264/220	CSV: 2FE6D3-3632DA-ADB64A-KKTQ1U-PMSNGZ-EH	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		